

DOMINGO 28 ORDINARIO CICLO C

PRIMEIRA Ex 17, 8-13

Mentres Moisés levantaba a man, vencía Israel

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DO ÉXODO

Viñeron os amalecitas e atacaron a Israel en Refidim. Moisés díxolle a Xosué:
- "Escolle uns poucos homes e sae a loitar con Amalec. De mañá eu estarei no cume do outeiro, coa vara de Deus na man".

Xosué fixo o que lle mandaba Moisés, e foi loitar con Amalec mentres Moisés, Aharón e Hur subían ao cume do outeiro. Cando Moisés erguía as mans, vencía Israel; cando as baixaba, vencía Amalec. As mans de Moisés estaban cansas, e eles colleron unha pedra e puxéronlla de asento, ao tempo que Aharón e Hur, un por cada lado, lle sostiñan as mans ergueitas. As mans de Moisés estiveron ergueitas ata a posta do sol.

Xosué venceu a Amalec e á súa xente, a fío de espada.

SALMO RESPONSORIAL Sal 120, 1-2. 3-4. 5-6. 7-8

R/ (cf 2): O noso socorro vén do Señor, que fixo o ceo e maila terra.

Alzo os meus ollos cara aos montes:
de onde virá o meu socorro?
O meu socorro vén do Señor,
que fixo o ceo e maila terra.

El non deixa que esvare o teu pé,
o teu gardián non dorme;
non dorme nin adormece
o gardián de Israel.

O Señor é o teu gardián,
o teu arrimo, sempre á túa dereita.
O sol non che fará mal polo día
nin a lúa pola noite.

O Señor gárdate do mal,
El garda a túa vida.
O Señor garda as túas idas e voltas,
agora e por sempre.

SEGUNDA 2 Tim 3, 14 - 4, 2

Perfecto sexa o home de Deus, instruído para toda obra boa

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA
NA SEGUNDA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO A TIMOTEO**

Benquerido irmán:

Mantente no que aprendiches e no que criches, e que non che esqueza quen cho aprendeu. Porque xa desde neno coñeces as letras santas, que son podentes para che facer saber o camiño da salvación pola fe en Cristo Xesús.

Toda a Escritura está inspirada por Deus e é útil para ensinar, para corrixir, para enmendar, para educar na xustiza. Dese xeito, o home de Deus tórnase perfecto e competente para toda obra boa.

E pídoche por favor unha cousa diante de Deus e de Cristo Xesús, que ha vir xulgar a vivos e mortos, pola súa vinda gloriosa e polo seu reinado: pregoa a palabra, insiste a tempo e a destempo, corrixe, reprende, aconsella con toda a paciencia que require a doutrina.

ALELUIA Heb 4, 12:

A palabra de Deus é viva e eficaz, xulga os pensamentos e intencións do corazón

DOMINGO 28 ORDINARIO CICLO C

EVANXEO Lc 18, 1-8

Deus faralles xustiza aos seus elixidos que claman a El

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela, Xesús propúxolles aos seus discípulos unha parábola acerca da necesidade de orar sempre, sen cansar:

- Había nunha vila un xuíz que nin temía a Deus nin respectaba o home. Na mesma vila había tamén unha viúva, que acudía a el dicíndolle: "Faiame xustiza fronte ao meu contrario". El durante moito tempo non lle fixo caso ningún; pero despois cavilou: "Anque non temo a Deus nin respecto o home, como esta viúva me está amolando, voulle facer xustiza, para que non me siga toleando toda a vida".

E o Señor continuou:

- Escoitade o que di un xuíz inxusto. E logo Deus non lles vai facer xustiza aos seus elixidos, que claman día e noite, e non vai ter paciencia con eles? Asegúrovos que lles fará xustiza a tempo. Pero cando chegue o Fillo do Home, el atopará fe sobre a terra?.